



## Guía Docente

| Datos Identificativos |  |          |                    |           | 2024/25 |
|-----------------------|--|----------|--------------------|-----------|---------|
| Asignatura (*)        | Practicum  |          | Código             | 652512207 |         |
| Titulación            |  |          |                    |           |         |
| Descriptorios         |  |          |                    |           |         |
| Ciclo                 | Período  | Curso    | Tipo               | Créditos  |         |
| Mestrado Oficial      | 2º cuatrimestre  | Primeiro | Obrigatoria        | 6         |         |
| Idioma                | CastelánGalego   |          |                    |           |         |
| Modalidade docente    | Presencial   |          |                    |           |         |
| Prerrequisitos        |  |          |                    |           |         |
| Departamento          | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónPedagogía e Didáctica  |          |                    |           |         |
| Coordinación          |  |          | Correo electrónico |           |         |
| Profesorado           |  |          | Correo electrónico |           |         |
| Web                   | <a href="http://www.educacion.udc.es/index.php?pagina=table&amp;id_titulacion=600">http://www.educacion.udc.es/index.php?pagina=table&amp;id_titulacion=600</a>  |          |                    |           |         |
| Descrición xeral      | <p>O prácticum do mestrado leva consigo 150h. de traballo, das que o 50% é a realizar no centro (75h) e o outro 50% é para traballar na memoria. Como norma xeral, o prácticum realizarase entre os meses de xaneiro e abril, é supón como promedio 8h semanais, se ben pode adecuarse o horario ás necesidades e organización do centro.</p> <p>O propósito central da materia denominada Practicum non será só poñer en relación a formación adquirida cos diferentes contextos profesionais propios do ámbito educativo ou socioeducativo do século XXI, para facilitar que o estudiantado tome conciencia dos aspectos básicos das prácticas profesionais. Tamén se lle asignará un papel chave na formulación de problemas e cuestións importantes necesarias á hora da investigación, co obxecto de situar a práctica profesional no centro ou institución e como elemento para ter en conta na organización do currículo. Trátase de que a reflexión sobre a práctica converta esa experiencia en fonte de aprendizaxe, incrementa a capacidade de aprender con autonomía e potencie a aprendizaxe reflexiva para avanzar na construción do propio coñecemento, tomar decisións, innovar, buscar recursos e traballar en rede, competencias básicas nestre mestrado que responden ás esixencias da educación do século XXI.</p> <p>Polo tanto, este módulo profundiza na formación para a dirección e xestión de centros educativos e equipamentos socioeducativos, a través do desenvolvemento de competencias específicas e prácticas do liderazgo. Procurarase adquirir unha visión de conxunto de desenvolvemento da dirección de institucións educativas, así como das labores inherentes nela</p> |          |                    |           |         |

## Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título |
|--------|-------------------------------------|
|        |                                     |

## Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe   | Competencias / Resultados do título     |  |            |
|---|---|--|------------|
| Familiarizarse cos diferentes contextos profesionais propios do ámbito educativo e socioeducativo                                     | AP3<br>AP5                              |  | CM2<br>CM5 |
| Identificar e analizar os factores contextuais que afectan aos procesos de dirección, xestión e innovación educativa e socioeducativa |   |  | CM5<br>CM6 |
| Deseñar proxectos e programas e servizos que promovan a participación e o desenvolvemento educativo e comunitario                     | AP3<br>AP5<br>AP6<br>AP8<br>AP9<br>AP11 |  |            |



|   |  |
|---|--|
| Deseñar e implementar programas de avaliación que permitan concretar accións de mellora para os programas, proxectos e servizos nos diferentes ámbitos de dirección e xestión | BM2<br>BM8<br>BM11<br>BM12<br>BM13<br>BM14<br>BM15<br>BM16 |
|---|--|

| Contidos  |   |
|---|---|
| Temas   | Subtemas  |
| Os contidos que se abordarán nos diferentes destinos de prácticas estarán básica e intimamente relacionados coa dirección, xestión e innovación de institucións escolares e socioeducativas e os labores inherentes a eles. | 1-Planificación estratéxica e cultura participativa<br>2-Metodoloxías participativas da análise da realidade<br>3-Formulación e avaliación do plan estratéxico<br>4-Orientacións para a realización da memoria de prácticas |

| Planificación                 |  |   |                         |              |
|-------------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas         | Competencias / Resultados  | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Saídas de campo               | A3 A5 A6 A8 A9 A11<br>B2 B8 B11 B12 B13<br>B14 B15 B16 C2 C5<br>C6 | 75                                      | 0                       | 75           |
| Análise de fontes documentais | A8 B12   | 0                                       | 10                      | 10           |
| Seminario                     | A9 A11 B2 B11  | 10                                      | 0                       | 10           |
| Portafolios do alumno         | A5 A6 B13 B14 B15<br>B16   | 0                                       | 45                      | 45           |
| Atención personalizada        |  | 10                                      | 0                       | 10           |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías                  |   |
|-------------------------------|---|
| Metodoloxías                  | Descrición  |
| Saídas de campo               | Constitúen as prácticas pedagóxicas: 150 horas de permanencia na institución escolar e socioeducativa durante as cales se realizarán tarefas de dirección e xestión propia institución.   |
| Análise de fontes documentais | Empregaranse documentos bibliográficos relevantes sobre os diferentes contidos a que o Practicum dá prioridade, como base para a análise e a reflexión sobre a diversidade de experiencias con que se entre en contacto nas institución do ámbito escolar e socioeducativo. É imprescindible entender a relación teoría-práctica e atender aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento dos centros, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das distintas formas de interpretar a realidade. O/a Titor/a da Facultade establecerá as lecturas obrigatorias que considere necesarias para o mellor desenvolvemento do Practicum |



|                       |  |
|-----------------------|--|
| Seminario             | <p>1.Sesión informativa inicial (2 horas). Información xeral para comentar e precisar a Guía docente, así como as pautas de carácter xeral, e orientar o alumnado acerca da súa decisión á hora de elixir institución colaboradora. Tamén se explicarán as funcións das diferentes persoas que van a titorizar o Practicum.</p> <p>2.Selección de institución (2 horas).</p> <p>3.Tres seminarios de titoría durante o Practicum co profesorado titor da Facultade (6 horas).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Antes de incorporarse á institución de prácticas o profesorado de Practicum, na data que se establecer, orientará o alumnado que titoriza cando menos sobre as seguintes cuestións: documentos que debe incluír no portafolios, lecturas imprescindibles e datas de entrega dos traballos solicitados e calquera outra suxestión que estimar oportuna.</li> <li>- Durante a realización do Practicum terá lugar a posta en común do traballo realizado ata o momento co fin de revisar a planificación proposta, formular e resolver as posibles necesidades e/ou conflitos percibidos. Trátase de seleccionar e analizar conxuntamente situacións ou procesos representativos do decorrer da práctica profesional. Tamén se comentarán os textos ou documentos seleccionados para este fin.</li> <li>-Ao finalizar a estada na institución, de avaliación e reflexión final do practicum.</li> </ul> |
| Portafolios do alumno | Ver anexos   |

### Atención personalizada

| Metodoloxías          | Descrición   |
|-----------------------|--|
| Portafolios do alumno | A atención personalizada concíbese como momentos de traballo presencial co profesorado, polo que implican unha participación obrigatoria para o alumnado.  |
| Saídas de campo       | A forma e o momento en que se desenvolverá indicaranse para cada actividade ao longo do Practicum e o plan de traballo. O profesorado titor da Facultade estará dispoñible no horario de titorías.   |
| Seminario             | O/a Titor/a da UDC realizará un primeiro contacto obrigatorio, previo á incorporación do alumnado ao centro. Ademais, manterá unha fluidez comunicativa co titor/a da institución, de maneira que garante o desenvolvemento adecuado do practicum. |

### Avaliación

| Metodoloxías          | Competencias / Resultados  | Descrición  | Cualificación |
|-----------------------|--|---|---------------|
| Portafolios do alumno | A5 A6 B13 B14 B15<br>B16   | Os criterios avaliativos serán: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Capacidade de relación teoría-práctica</li> <li>- Dominio conceptual e capacidade analítica</li> <li>- Capacidade para relacionar ideas e accións</li> <li>- Capacidade de argumentar e fundamentar.</li> <li>-Expresión escrita propia e claridade expositiva</li> <li>-Capacidade de descrición de escenarios, situacións e accións.</li> <li>- Capacidade de autoavaliación e autocrítica</li> <li>- Orixinalidade da proposta</li> </ul> | 45            |
| Saídas de campo       | A3 A5 A6 A8 A9 A11<br>B2 B8 B11 B12 B13<br>B14 B15 B16 C2 C5<br>C6 | O titor/a da facultade será o único que realizará a avaliación, valorando a implicación e a actuación do alumnado nos centros de practicum  | 50            |
| Seminario             | A9 A11 B2 B11  | Avaliándose cos criterios <ul style="list-style-type: none"> <li>-Asistencia a todas as sesións</li> <li>-Calidade das achegas á hora de expor dúbidas, expor ideas enriquecedoras e compartir experiencias de interese, etc.</li> </ul>  | 5             |

### Observacións avaliación



## Requisitos para superar a materia:

1. Para aprobar, será necesario superar os seguintes elementos da avaliación: prácticas e portafolios. Elementos de avaliación que se poden recuperar na 2ª oportunidade de avaliación (Xullo): 1. As prácticas non poden recuperarse, polo que a cualificación obtida en xuño mantense para xullo. Isto supón que un suspenso en xuño implica a non superación da materia. 2. Os seminarios e xornadas non se poden recuperar, polo que a nota en xuño mantense para xullo. 3. O portafolios pode recuperarse, polo que o alumnado que non o supere en xuño terá ocasión de melloralo en xullo, conservando sempre as cualificacións dos demais elementos avaliados. Cualificacións: 1. A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas en cada elemento avaliado, co seu peso respectivo. 2. No caso de non superar algunha das partes de obrigatoria superación da materia, a nota final será a nota de parte non superada. 3. Non realizar as prácticas e estando matriculado na materia supón un NP. 4. Non presentar o portafolios tendo as prácticas superadas supón obter como máximo a cualificación de 4, que se corresponde con un 10 nas prácticas.

## Fontes de información

|                                    |   |
|------------------------------------|---|
| <b>Bibliografía básica</b>         | Cómpre consultar a listaxe das diferentes materias do mestrado segundo o ámbito elixido e de acordo as indicacións do titor/a |
| <b>Bibliografía complementaria</b> |   |

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

## Observacións

Recoméndanse os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, no utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sosenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías